



### Destinatario

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO  
EDIFICIO ADMINISTRATIVO SAN LAZARO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA

**Expediente:** 2025/INFPREVCON/000007

**Referencia:** IN408A/2020/094

**Identificador Oficio:** 302633913

(Antecedentes 2021/CONSULTINFPUB/000010 e 2024/CONSULTINFPUB/000004 )

**Asunto.- SOLICITUDE DE INFORME TÉCNICO VERBO DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO CASTROVE, EMPRAZADO NOS CONCELLOS DE MEIS, BARRO, PONTEVEDRA E POIO (IN408A 2020/094)**

**Promotora.-** Parque Eólico Cadaval y Ventoso, SL.

**Solicitante.-** Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

**A súa clave: IN408A 2020/094**

En data 21/04/2025 recíbese no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra, baixo o número 2025018702, un oficio asinado pola xefa do Servizo de Enerxías Renovables da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, co obxecto de que o Concello de Pontevedra, en canto que administración pública afectada, estableza o condicionado técnico procedente sobre a separata do proxecto de execución do parque eólico *Castrove*, emprazado nos concellos de Meis, Barro, Pontevedra e Poio, con clave IN408A 2020/094, ao abeiro do disposto na alínea 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en relación co disposto na alínea 14 do referido artigo dispón que se aplicará o regulado na sección 1ª do capítulo I da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, coa a única excepción do prazo para a emisión dos condicionados técnicos do proxecto de execución, que se reduce a un mes desde a recepción da solicitude, polo que de non recibir os informes no prazo dun mes, entenderase a súa conformidade.

Logo de examinar a documentación remitida e dentro do prazo legal outorgado ao efecto (ampliado como consecuencia da resolución do 29 de abril de 2025, da Secretaría Xeral da Presidencia, pola que se dá publicidade á Resolución da Presidencia da Xunta de Galicia do 29 de abril de 2025, pola que se dispón a ampliación xeral dos prazos nos procedementos administrativos a consecuencia da interrupción xeneralizada da subministración eléctrica acaecida o día 28 de abril de 2025), participolle o seguinte:

**1º.-** Que no trámite de consultas para a elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental do parque eólico *Castrove* e en datas 30/07/2021, 25/08/2021, 31/08/2021 e 06/09/2021, foran emitidos informes pola arquitecta da Oficina Técnica de Arquitectura e Planeamento, polo enxeñeiro xefe





da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos (en funcións de director xeral da Área de Mobilidade), pola técnica da Oficina de Medio Ambiente Natural e polo arqueólogo municipal adscrito á Oficina Técnica de Licenzas e Inspección do Concello de Pontevedra, respectivamente, nos que se daba conta dunha serie de alegacións-observacións ao documento de alcance do estudo de impacto ambiental do parque eólico Castrove. Os referidos informes foron conformados mediante pola anterior Concellería responsable e remitidos achegados a escrito do 6/09/2021, á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio, como alegacións/informes municipais para constancia das observacións que neles se conteñen no referido trámite e facendo especial fincapé na incidencia do proxecto nas determinacións de protección da paisaxe litoral, preceptivas e de superior rango que se establecen no POL.

Xa daquela remitíase, tamén, como antecedente, o oficio asinado en data 16/11/2012 polo, daquela, concelleiro de goberno delegado da Área de Ordenación do Territorio, polo que se remitían á xefatura territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria os informes municipais/alegacións e suxestións no trámite de información pública do estudo de impacto ambiental das instalacións referidas ao parque eólico Monte Castrove (expediente de clave IN661A2011/18-4) promovido, daquela, pola mercantil “Renoveurysa, SA”, ratificando, neste momento, as consideracións indicadas naqueles informes que sexan de aplicación.

2º.- Que no trámite de consultas do expediente relativo á *“consulta ou información pública do estudo de impacto ambiental e das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción das instalacións do Parque Eólico Castrove, emprazado nos concellos de Meis, Barro, Pontevedra e Poio, de clave IN408A 2020/090”*, participolle que, en data 03/07/2024, a arquitecta municipal xefa da Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística do Concello de Pontevedra emitiu informe co CSV 3L1OL3PJ06GHHK50, ao contido do cal nos remitimos.

3º.- En data 05/07/2024, o director xeral da Área de Medio Ambiente, Proxectos e Obras do Concello de Pontevedra emite informe, no que entre ademais de remitirse a informe anterior do 25/08/2021 significaba entre outras consideracións que:

- (...) *A maior afección deste tipo de instalacións é o importante impacto visual que provocan no medio ambiente circundante. Curiosamente, deixa fóra da análise ao núcleo urbano de Pontevedra, distante 5,4 Km. Porén, non cabe dúbida de que a instalación vai ser vista dende boa parte da zona norte e oeste da cidade, polo que non se comprende a non existencia de impactos, non xa críticos, mais cando menos severos no Estudo .*

- *O proxecto técnico inclúe a rede de camiños necesaria para o desenvolvemento interior do polígono, aproximadamente 5.800 m de lonxitude de pistas e camiños a acondicionar ou a executar de nova planta, dos cales 1.700 m dentro do termo municipal de Pontevedra. Estes camiños a acondicionar con tratamento a base de saburra artificial, non coinciden con vías de titularidade municipal, trátase de pistas de Medio rural ou da Comunidade de Montes.*

*Non cabe dúbida de que os accesos ao polígono eólico vanse facer dende a rede de camiños circundante, que inclúe vías de titularidade municipal con limitación de masa máxima a 8 t, polo que haberá de programarse o paso de vehículos especiais por esta rede e avaliar os posibles danos e roturas que provocará este tráfico pesado. (...)”*

4º.- Tamén se emitira informe pola enxeñeira técnica da Oficina municipal de Medio Ambiente Natural o 09/07/2024 co seguinte teor literal:





*“Vista a diligencia sobre o asunto arriba indicado e consultado o Estudo de impacto ambiental do Proxecto de instalación do Parque eólico Castrove e liña de evacuación contido no expediente, emítase o seguinte INFORME*

## **1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO**

*A necesidade de levar a cabo este proxecto que ten serias consecuencias ambientais non está xustificada.*

*Segundo datos da EGA (Asociación Eólica Galega), en 2019 a produción de enerxía eólica anual en Galicia era de 8.698 MW cunha potencia instalada de 3.778 MW. Isto é aproximadamente o 47% da demanda eléctrica da comunidade. En 2021, o 74% da enerxía producida en Galicia tivo a súa orixe en enerxías renovables. A UE, na súa Directiva de Enerxías Renovable estableceu recentemente un novo obxectivo vinculante no que fixa que en 2030 o 32% da enerxía da UE debe ser de enerxías renovables. Con estes datos podemos dicir que Galicia cumpre xa na actualidade con máis do dobre deste obxectivo polo que non está xustificada a necesidade de seguir aumentando o número de parques eólicos nesta comunidade salvo para o enriquecemento das compañías que os promoven.*

*Desta forma, a poboación está sufrindo os efectos negativos da saturación destas instalacións cos danos ambientais que provocan mentres que outras comunidades con moita maior poboación e consumo de enerxía non teñen instalado a día de hoxe ningún parque eólico en todo o seu territorio.*

## **2. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS**

*Neste documento non existe un verdadeiro estudio de alternativas no relativo a implantación do parque eólico. Das 1.921 páxinas (sen contar as separatas) do Estudo de impacto dedícase un total de media páxina á valoración das alternativas, o que da unha idea da profundidade con que se fixo esta valoración.*

*Fai un estudio máis detallado, iso si, das alternativas de execución pero sen ter a discusión previa da idoneidade ou non de levar a cabo este proxecto.*

*Da única alternativa contemplada, a non execución do proxecto, unicamente enuncia unha serie de desvantaxes moi subxectivas e sen xustificar, non enuncia ningunha das vantaxes de non levalo a cabo e, en base a iso, conclúe que a non implantación do parque eólico non é adecuada. Non describe as desvantaxes de realizar o parque e non contrapón distintas alternativas entre sí.*

*A modo de exemplo, algún dos razoamentos superficiais que se indican no caso de non realizar o parque son:*

*- A renuncia a crear postos de traballo e a mellora da economía da comarca. Esta pretendida “mellora da economía” é puramente teoría porque estamos falando dun entorno forestal nunha zona periurbana dunha cidade de gran tamaño, non nunha zona rural deprimida dun país despoboado no que a poboación dependa do medio natural exclusivamente e no que calquera inversión podería ser unha vantaxe. Catro muíños eólicos fabricados fora da zona de implantación (co que os postos de traballo xerados para a súa fabricación non repercuten no territorio de implantación), que practicamente non precisarán persoal para o seu mantemento durante a etapa de funcionamento e que serán instalados por unha empresa con persoal propio non repercutirá no*





*desenrolo da economía local nin sequera de forma anecdótica.*

*-Renunciase a unha actividade compatible con outras como a agricultura, gandería e senderismo. A compatibilidade con outras actividades habería que estudiala pero tendo en conta que se construírán e ampliarán as pistas existentes nun entorno natural, por tanto, antropizando un lugar que ten unha función ecosistémica esencial. Tendo en conta tamén os beneficios ecosistémicos que se perden coa implantación do parque, sen plantexarse os usos que os propietarios lexítimos do territorio queiran darlle á súa propiedade, ou sen valorar cales son os beneficios que recibe a sociedade por ter un entorno natural non se poden realizar estas rotundas afirmacións de compatibilidade de actividades.*

*En resumen, faise unha afirmación sen argumentar convenientemente, totalmente axustada ao resultado que interesa ao promotor.*

### 3. FLORA

*Na documentación incluída no Estudo de Impacto Ambiental, indícase que na zona definida pola poligonal do parque localizaríanse varios hábitats naturais definidos na Lei 42/2007 do Patrimonio Natural entre eles o hábitat prioritario 4020, Brezais húmedos atlánticos de zona temperada de Erica cirialis e Erica tetralix.*

*Indícase no Anexo B Descrición e cartografía de Hábitats, que non se descarta a aparición dalgunha pequena mostra de brezal húmido en zonas próximas as infraestruturas do parque pero como non se atoparon nas propias zonas de instalación das infraestruturas non se producirán afeccións directas sobre estes hábitats. Tendo en conta os movementos de terras e a construción e modificación de viais é moi probable que se altere o réxime hídrico e que estes hábitats puidesen verse afectados. De aquí a necesidade dun inventario que aclare definitivamente a existencia ou non deste hábitat prioritario debido a necesidade de conservación deste ecosistema.*

*Non se detalla a época do ano no que se realizou o estudo de campo, o que ten importancia á hora de valorar os resultados obtidos.*

#### *Fragmentación de hábitats*

*Independentemente de que o aeroxenerador se coloque ou non sobre un tipo concreto de hábitat, as especies animais e vexetais non entenden de fronteiras e este proxecto ten un impacto de graves consecuencias que é a fragmentación dos hábitats supoñendo tanto os aeroxeneradores como o gran número de quilómetros de pistas de acceso de grandes dimensións, barreiras infranqueables para estes habitantes do monte que suporán na práctica a desaparición de moitas destas poboacións.*

### 4. AVIFAUNA

*Escribano palustre. Na documentación indícase que “La vinculación de esta especie a carrizales y zonas limítrofes, que no se encuentran en el entorno previsto, hace que su presencia en las cercanías de las instalaciones proyectadas sea poco probable.”*

*Sobre esta especie cabe dicir que a zona de implantación do parque está dentro da área de conservación do Escribano palustre lusitánico (*Emberiza schoeniclus lusitanica*), especie considerada en perigo de extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Ademais está*





*protexida por convenios internacionais, lexislación europea, nacional e autonómica. Segundo o establecido no Decreto 75/2013, de 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica del escribano palustre (Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher) en Galicia “ ..Tanto los proyectos comprendidos en el ámbito de aplicación del Real decreto legislativo 1/2008, de 11 de enero, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de evaluación de impacto ambiental de proyectos, como los planes y programas comprendidos en el ámbito de aplicación de la Ley 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente, cuando puedan afectar al hábitat de la subespecie lusitánica del escribano palustre, deberán evaluar sus efectos sobre el mismo y sobre la posible recuperación de su población”.*

*É unha especie migradora e se recolleron no Enil da Xunqueira, a só 4 km deste parque eólico, exemplares anelados noutros lugares, por exemplo un exemplar anelado en Villefranque-Pyrenees (Francia), a case 600 km de aquí. Polo que o efecto dos aeroxeneradores no seu tránsito migrador pode ser moi grave e como vimos anteriormente non está estudado. Tendo en conta que non están delimitados os perímetros de protección dos humidais que constitúen o seu hábitat potencial e tendo en conta que é unha especie invernante no Enil Xunqueira de Alba emprendendo a emigración a finais do inverno, non se pode intervir nesta zona de afección sen un estudio detallado ao respecto.*

#### 5. FAUNA

*Lobo. No propio documento fai referencia á presenza do lobo na zona do proxecto. Esta especie está incluída no proxecto de Orde ministerial no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial (Lespe). Está recollido tamén no Convenio de Berna, relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”. O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna.*

*Recóllese na documentación que a zona de estudio localízase nunha área con densidade baixa e quen non se interferirá no proceso de cría da especie posto que non se detectaron manadas reproductoras pero tendo en conta que o lobo é unha especie territorial, que precisa das zonas de matogueira para o seu desenrolo vital, que é unha especie que se despraza polo territorio e que o proxecto afecta a zonas de matogueira que emprega a especie, habería que facer un estudo detallado para descartar a presenza desta especie na área de afección desta infraestrutura e evitar que se produzan prexuízos significativos para o lobo.*

#### 6. PAISAXE

*A alternativa escollida contará con catro aeroxeneradores de 115 m de buxe máis 170 m de diámetro de rotor o que supón unha altura total duns 200 m situados nun dos puntos mais altos do concello de Pontevedra de case 600m, nun punto singular da paisaxe. Debido ao tamaño dos aeroxeneradores e a súa proporción en relación coa altura do monte, a desproporción que se crea é xigante provocando un impacto paisaxístico de enormes dimensións e imposible de corrixir. A instalación deste parque eólico arruinará por completo a paisaxe en todo o entorno do Monte Castrove desaparecendo o seu carácter de elemento singular e característico do horizonte de*





Pontevedra.

*Inclúese como un Anexo ao Estudo de Impacto Ambiental, o Estudo de Impacto e integración paisaxística. Nas figuras incluídas neste estudio onde se ven as concas visuais nas que impactan os aeroxeneradores pode verse que o impacto visual dos mesmos é enorme en toda a ría de Pontevedra e parte da de Arousa.*

*No estudio analízanse elementos concretos como os Eniles presentes no entorno e outros espazos naturais, algúns elementos patrimoniais como o Camiño de Santiago, algún mosteiro e os BIC localizados na área de estudo. Sen embargo non fai referencia á totalidade da cidade de Pontevedra que apenas sae nomeada no estudio a pesares de que moitos dos Bens de Interese Cultural aos que se refire atópanse dentro do seu casco urbano. O que resulta algo a ter en conta, posto que a cidade de Pontevedra ten máis de 80.000 habitantes que van ser afectados por este parque eólico sendo o núcleo de poboación máis importante na área de estudio.*

*Segundo a propia información do estudio, tanto o núcleo urbano da cidade de Pontevedra como a súa contorna está totalmente impactada por esta infraestrutura polo que este impacto negativo ten importantes afeccións tanto sobre os habitantes de Pontevedra como no potencial turístico da cidade, agora mesmo un dos motores económicos do concello. Polo tanto, a instalación desta infraestrutura terá un grave impacto no sector económico. Os visitantes maioritariamente acoden á cidade polo seu valor cultural e paisaxístico, e ao degradarse a paisaxe desaparece un dos alicientes de visitala. Ademais, por Pontevedra pasa o Camiño de Santiago Portugués que atrae a un gran número de peregrinos. Este importante recurso verase afectado tamén en gran medida, como se recoñece no propio documento, posto que ademais de ao seu paso pola cidade, tamén terán esta agresión na paisaxe nos quilómetros anteriores e posteriores.*

*A pesar de todo isto, a valoración do impacto do parque eólico que afectará a case o 88% da poboación do ámbito de estudio, é considerado unicamente como un impacto moderado.*

#### **7. RISCO DE INCENDIO**

*O concello de Pontevedra, igual que o resto de concellos afectados por este Parque, están considerados Zona de Alto Risco de Incendio segundo a Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio en base a risco espacial de incendio forestal e o parque eólico está situado nun entorno forestal moi próximo a núcleos habitados.*

*Estudios recentes feitos polo grupo de investigación Rayos, electricidade atmosférica y alta tensión da Universidade Politécnica de Cataluña (UPC) demostraron que existe unha relación directa entre o movemento das turbinas dos aeroxeneradores dos parques eólicos e a xeración de descargas eléctricas, que en determinadas condicións poden dar lugar a raios. Tamén son unha causa de orixe de incendio frecuente as liñas de alta tensión, como puido comprobarse en diferentes incendios que tiveron lugar o pasado verán e tiveron como causa de ignición as liñas eléctricas.*

*Por isto, existe un grave risco de inicio de incendio nun entorno forestal que daría lugar a un incendio de graves consecuencias ambientais, económicas e de seguridade para os habitantes das poboacións cercanas e sobre esta cuestión unicamente se indica de forma xenérica que deberá terse en conta pero sen detallar que medidas preventivas se levarán a cabo.*

#### **8. PLANEAMENTO URBANÍSTICO**





*O solo no que se quere desenrolar o parque eólico está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra (PXOU) como Solo non urbanizable de protección forestal.*

*Solo non urbanizable de protección forestal. Cambio de uso do solo*

*No que respecta aos terreos calificados como solo non urbanizable de protección forestal, están baixo as disposicións da Lei 7/2012 de 28 de xuño de montes de Galicia.*

*Para poder implantar o parque, debe facerse un cambio de uso do solo pero esta Lei no seu artigo 58 indica que “enténdese por uso forestal calquera utilización de carácter continuado do monte que sexa compatible coa súa condición.” Dita norma entende por actividade forestal toda acción relativa á conservación, mellora e aproveitamento dos montes o que claramente exclúe a produción eólica.*

*O artigo 59 indica que os cambios de uso forestal dun monte se non están motivados por razóns de interese xeral serán excepcionais e requirirán informe favorable do órgano forestal e do titular do monte. No documento non está debidamente xustificadas estas razóns de interese xeral e a xurisprudencia indícanos que a explotación eléctrica non ten de por sí maior interese que a explotación tradicional do monte polo que debe facerse unha xustificación detallada neste sentido.*

*Neste mesmo artigo 59 indícase que en terreos afectados por incendios forestais non se poderá producir un cambio de uso en trinta anos. Deberá por tanto, xustificarse convenientemente que nos terreos a ocupar non se produciu ningún incendio nos últimos trinta anos.*

*Por outra banda, os terreos que serán ocupados polo parque eólico contan cun instrumento de xestión aprobado pola autoridade competente. A instalación deste parque, impedirá o cumprimento do indicado en dito documento e obrigará á modificación e aprobación do Plan de Ordenación. Deberá aclararse como se actuará neste caso posto que se esta obriga recae nos propietarios do monte, estáselles ocasionando un prexuízo tanto legal como económico”.*

**5º.-** Na mesma data sinalada o arqueólogo municipal da UMA, emitiu informe co seguinte teor:

*“Dende o SUMAPH requírese informe respecto sobre o estudo de impacto ambiental do asunto e da separata técnica do proxecto de obra.*

*O ámbito do parque eólico proxectado abrangue unha superficie situada no monte Castrove na que lindan os concellos de Pontevedra, Poio, Meis e Barro. O organismo citado remite os documentos titulos “Proyecto de Ejecución Parque Eólico Castrove” (xaneiro 2024), asinado polo enxeñeiro industrial Jorge Núñez Ares, e o Estudio de Impacto Ambiental, que entre os seus anexos conta co Anexo D “Estudio de impacto e integración pasaxística Parque Eólico Castrove y línea de evacuación” (febrero 2023), e o Anexo G “Avaliación do impacto patrimonial do Parque Eólico Castrove e liña de evacuación, en Meis, Barro, Poio e Pontevedra” (marzo 2023), asinado pola arqueóloga M<sup>a</sup> Paz Blanco Sanmartín.*

*O parque eólico proxectado está formado por 4 aeroxeneradores de notables dimensións: 170 m de diámetro de rotor e 115 m de altura de buxeiro. No termo municipal de Pontevedra está prevista a instalación dun destes 4 aeroxeneradores, a subestación transformadora e o centro de control.*

*Centrándonos no impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural do concello de Pontevedra (bens arqueolóxicos, etnolóxicos e arquitectónicos), moi escaso no termo municipal en relación co ámbito proxectado do Parque): “Gravado de Couso” en Alba (RE36038036), referencia localizada*





*consistente na letra “R”, como marca de termo, con impacto moderado xa que se sitúa a 15 m da estrada asfaltada que será utilizada como acceso ao parque eólico; e “Chan das Cruces” en Campañó, topónimo que podería estar relacionado coa existencia de gravados de termo, e para o que se propón como medidas correctoras a retirada de vexetación previo inicio das obras e control arqueolóxico.*

*Tamén se recollen os xacementos “Petróglifo do Illó do Pozo Bravo 1” (GA36038093) e “Petróglifo do Illó do Pozo Bravo 2” (GA36038094), situados en Campañó a escasos metros ao leste da poligonal do Parque. Non se considera en cambio o xacemento “Petróglifo das Forcadas” (GA36038A17), non por si mesmo xa que foi localizado en posición secundaria nunha pista do monte de Campañó e trasladado en 2015 a unha parcela nas inmediacións da igrexa parroquial de San Pedro, senón por ser un indicio da eventual existencia de máis petróglifos no seu contorno.*

*No relativo ao impacto visual do proxecto, o Anexo D recolle este en relación Camiño Portugués de Santiago, en concreto no tramo que discorre entre Reariz (Alba) e a Xunqueira de Alba. O propio documento cualifica o impacto de severo, dado que en case o 90% do percorrido se pode divisar algún aeroxenerador. Igualmente recoñece unha afección visual alta para a cidade de Pontevedra, como se pode deducir da cunca visual aportada na p. 77 deste Anexo. Ademais o proxecto terá impacto visual nun gran número de bens declarados de interese cultural (BIC); xacementos arqueolóxicos do contorno ou monumentos como a Basílica de Santa María ou o Convento de San Francisco, que se pode facer extensible a todo o Centro Histórico de Pontevedra”.*

**6º.-** Os informe referidos nos puntos anteriores foron enviados como “*informe municipal/alegacións e suxestións no trámite de consulta ou información pública do estudo de impacto ambiental e das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción das instalacións do Parque Eólico Castrove, emprazado nos Concellos de Meis, Barro, Pontevedra e Poio (IN408A 2020/094)*” mediante escrito do 10/07/2024, no que se facía especial fincapé na incidencia paisaxística do proxecto nas determinacións de protección da paisaxe litoral, preceptivas e de superior rango que se establecen no POL, así como na falta de estudos dos núcleos de poboación afectados directamente polo parque eólico e a súa incidencia sobre a poboación, basicamente no que atinxe ao núcleo de Moldes e Campañó de Arriba incluído dentro da zona de ampliación de 500 m da ADE Castrove, xunto ás demais afeccións referidas á fauna flora e ao patrimonio cultural.

Asemade, reiterábanse as observación anteriormente remitidas nos anos 2012 e 2021 e lembrábase a adhesión municipal ás alegacións da denominada “*Plataforma veciñal NON AO PARQUE EÓLICO DO CASTROVE*” achegadas pola súa voceira Raquel Iglesias Gándara, que se remiten xunto ás alegacións municipais.

**7º.-** A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, mediante resolución do 25/10/2024, e sen atender aos informes técnicos/alegacións municipais, formula a declaración de impacto ambiental do proxecto parque eólico Castrove, nos concellos de Meis, Poio, Barro e Pontevedra (Pontevedra), promovido por Parque Eólico Cadaval y Ventoso, S.L., en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, concluíndo que o proxecto é ambientalmente viable.

**8º.-** Polo que atinxe ao expediente que nos ocupa, no que se solicita que o Concello de Pontevedra, en canto que administración pública afectada, estableza o condicionado técnico procedente sobre a separata





do proxecto de execución do parque eólico *Castrove*, emprazado nos concellos de Meis, Barro, Pontevedra e Poio, con clave IN408A 2020/094, remitido pola xefa do Servizo de Enerxías Renovables da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, participolle que, en data 13/05/2025, a arquitecta xefa da OTPXU emite informe, co seguinte teor literal:

*“(…) 1.- O proxecto do parque eólico, denominado Parque Eólico Castrove, afecta a terreos pertencentes aos termos municipais de Poio, Meis, Barro e Pontevedra.*

*Ten unha potencia nominal de 18,00 MW e está integrado por tres aeroxeradores de grandes dimensións (170 m de diámetro de rotor e 115 m de altura de buxeiro, segundo a descrición do documento que obra no expediente).*

*Os aeroxeradores conéctanse entre sí a través dos correspondentes conductores soterrados.*

*Ademais instálase no parque eólico unha subestación de 30/66 kV, que ocupará unha superficie aproximada de 42x43 m<sup>2</sup>, na que se ubicará o parque de intemperie, e o edificio de control, con viais e zonas de acceso e aparcamento.*

*Desde esta subestación proxéctase unha liña de interconexión en 66 kV, con dous tramos aéreos e dous tramos soterrados, que finalizará na subestación de Barro de 66 kV, propiedade de Unión Fenosa Distribución, desde onde a enerxía producida polo parque conectárase á rede de transporte.*

*2.- A Separata do Parque Eólico Castrove, ten por obxecto a descrición das obras previstas no parque que afectan ás vías públicas dependentes do Concello de Pontevedra.*

*No documento identifícanse 14 afeccións a viais de uso público no Concello de Pontevedra.*

*Estímase que estas afeccións deberan ser valoradas pola OTMAIES.*

*3.- O vixente Plan sectorial eólico de Galicia (PSEGA) foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 05/12/2002, modificado posteriormente por Acordo do Consello de Xunta do 02/06/2005.*

*Nos plano do Plan Eólico de Galicia que figura na páxina do INEGA aparece unha áera de investigación no Castrove de 5 Mw.*

*A poligonal do parque obxecto do presente informe exténdese dentro da Área de Desenvolvemento Eólico (ADE), agás unha zona incluída dentro dos termos municipais de Pontevedra e Poio que se estende dentro da franxa de 500 m paralela á ADE.*

*4.- Obsérvanse nos planos que un aeroxerador, así como a subestación transformadora co seu centro de control emprázanse completamente dentro do termo municipal de Pontevedra, incidindo o radio de acción dos outros dous aeroxeradores en terreos do mesmo termo municipal.*

*5.- Desde o punto de vista do planeamento municipal os terreos afectados polo parque eólico clasifícanse no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra (PXOU) como solo non urbanizable de protección forestal, séndolle de aplicación o réxime do solo rústico establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, conforme a súa Disposición transitoria 1ª.*





*Non consta no documento unha valoración da situación urbanística dos terreos nin a incidencia do parque eólico sobre elementos do patrimonio cultural e natural do Concello de Pontevedra.*

*6.- Por outro lado, compróbase que dentro da poligonal do parque eólico, así como na ADE e na zona de ampliación de 500 m da ADE existen núcleos de poboación.*

*No que se refire ao Concello e Pontevedra, existen vivendas do núcleo de Moldes e Campañó de Arriba incluídas dentro da zona de ampliación de 500 m da ADE Castrove.*

*Non consta na documentación un estudo dos núcleos de poboación afectados directamente polo parque eólico e a súa incidencia sobre a poboación.*

*7.- O parque eólico previsto sitúase no Monte Castrove, un espazo no que se sitúa o Alto do Castrove, a 613 m de altitude, e o Outeiro dos Corvos, pertencente ao Concello de Pontevedra, situado a 608 m de altitude.*

*O Outeiro dos Corvos é o accidente do terreo máis elevado do termo municipal de Pontevedra, visible e recoñecible como elemento singular da súa paisaxe cuxa perspectiva visual merece preservarse.*

*Ademais o Monte Castrove é un espazo natural de miradoiro sobre as rías de Pontevedra e Arousa e do val do Lérez.*

*Desde o punto de vista da incidencia visual, considérase que a instalación do parque eólico vai a supoñer unha alteración substancial da paisaxe natural do Monte Castrove, sendo ademais o aeroxenerador situado no termo municipal de Pontevedra (denominado nos planos como "CAS04") o que presenta maior presenza visual. (...)"*

**9º.-** Asemade, en data 20/05/2025, a técnica de medio ambiente natural da Oficina de Medio Ambiente Natural, emite informe, co seguinte teor literal:

*"(...) 1. Preténdese levar a cabo a instalación do Parque Eólico Castrove, localizado nos concellos de Meis, Barro, Pontevedra e Poio. Está integrada por 3 aeroxeneradores de 170m de diámetro e 115 m de buxe estando situados no término municipal de Pontevedra un dos aeroxeneradores e a subestación eléctrica.*

*2. A documentación presentada ten por obxecto a descrición das afeccións a vías públicas dependentes do Concello de Pontevedra. Neste documento indican que para poder acceder cos transportes especiais que se precisan para levar as estruturas ao lugar onde se pretende instalar o Parque Eólico se empregarán vías existentes e estradas locais sobre as que necesitarán facer obras de acondicionamento debido aos tamaños destes vehículos, principalmente para o transportes das palas. Pero estas actuacións que terán efecto tanto nas vías propiamente ditas como nos terreos adxacentes con todo o impacto que iso provoca (posibles afeccións ao patrimonio, á propiedade privada, á paisaxe, á hidrografía, aos núcleos de poboación polos que se pasa, etc), non se contemplan nesta separata. Polo tanto os efectos máis negativos que a construción do parque ocasionará no relativo aos vías quedan fora de estudio.*

*3. Nas actuacións contempladas prevese tanto o uso de vías xa existentes (1.892,39m) como*





*o trazado de novos camiños (1.228,74 m), incluíndo desmontes e terraplanados. Estas obras teñen afeccións e impacto sobre o terreo, tanto dende o punto de vista da paisaxe, como dende a fauna e flora, a hidrografía e o uso do solo que se suman ao impacto que ten a construción do Parque Eólico Castrove xa sinalado no informe de data 09/07/2024 ao que me remito. (...)"*

Xa que logo, en atención á solicitude de condicionado técnico verbo da separata do proxecto do parque eólico Castrove, emprazado nos concellos de Meis, Barro, Pontevedra e Poio (IN408A 2020/094), promovido pola mercantil "Parque Eólico Cadaval y Ventoso SL", ao abeiro do disposto nos parágrafos 12 e 14 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, e dentro do prazo outorgado ao efecto, préstase conformidade aos informes dos técnicos municipais aludidos nos parágrafos anteriores, de datas 13/05/2025 e 20/05/2025, da arquitecta xefa da OTPXU e da técnica de medio ambiente natural, respectivamente, que se remiten como informe, reiterando as observacións que se conteñen nos anteriores informes técnicos municipais remitidos, facendo especial fincapé na incidencia paisaxística do proxecto nas determinacións de protección da paisaxe litoral, preceptivas e de superior rango que se establecen no POL, na reiteradamente alegada **falta de estudos da incidencia nos núcleos de poboación afectados directamente polo parque eólico e a súa incidencia sobre a poboación, basicamente no que atinxe ao núcleo de Moldes e Campañó de Arriba** incluído dentro da zona de ampliación de 500 m da ADE Castrove, xunto ás demais afeccións referidas á fauna, á flora e ao patrimonio cultural advertidas por este Concello.

En particular e como condicionado, particípaselle que, **dado que o acceso ao polígono eólico e á rede de camiños de aproximadamente 5.800 m de lonxitude**, (coa previsión, incluíndo desmontes e terraplanados do uso de vías xa existentes, 1.892,39 m. e o trazado de novos camiños 1.228,74 m.), **vaise facer dende a rede de camiños e pistas circundantes, que inclúe vías de titularidade municipal dentro deste termo municipal que contan cunha limitación de masa máxima a 8 t, haberá de solicitarse expresamente autorización municipal e programarse o paso de vehículos especiais por esta rede, con avaliación dos posibles danos e roturas que provocará este tráfico pesado e con advertencia que se exixirán as fianzas e garantías necesarias para asegurar a súa total reposición, con cargo á promotora.**

Todo isto sen prexuízo de reiterarmos o contido dos informes emitidos polos técnicos municipais en datas 30/07/2021, 25/08/2021, 31/08/2021 e 06/09/2021, 03/07/2024, 05/07/2024 e 9/07/2024, (que foran remitidos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en datas 06/09/2021 e 10/07/2024) e das alegacións da denominada "Plataforma veciñal NON AO PARQUE EÓLICO DO CASTROVE" remitidas en data 10/07/2024 xunto ás alegacións municipais.

Documentos que se achegan ao presente oficio. Pulse o enlace [Descarga](#) para acceder ó contido dos mesmos:





Descrición	Tipo de documento	CSV
008 Informe OTPXU 13/05/2025	Informe	D0KWFOHI7725PEQS <a href="#">Descarga</a>
009 Informe parque eolico castrove oman	Informe	E1XB47809ONE3NLS <a href="#">Descarga</a>

**Alegacións/informes antecedentes que se achegan ao presente oficio:**

Descrición	Data sinatura	CSV
Antecedentes expediente Renoveurysa	16-dec-2012	VBSAILCS8VUHN53L
Informe arqueólogo 06/09/2021	06-sep-2021	WZ8F85VAFPL4X1YD
Informe Parque eólico OMAN 31/08/2021	31-ago-2021	J2VZSSBRWK6940BS
Informe documento inicio parque eólico Monte Castrove OTMAIES	25-ago-2021	SWRXD5K16E1W3M3X
Informe OTAP 30/07/2021	30-jul-2021	DWQKOYEB1WW9O98F
Informe arquitecta OTPXU	03/07/2024	3L1OL3PJ06GHHK50
Informe OTMAIES (DXAM)	05/07/2024	XVNOHX2RQL6CNVW2
Informe OMAN	09/07/2024	0R18UBTJLKEJWKYY
Informe arqueólogo municipal	09/07/2024	THWMA7FYQ2788UDK
Adhesión alegacións Plataforma	04/07/2024	V0I3WUDWGEFRIMSI
Oficio remision alegacións	10/07/2024	YAOFST8VPP10F2AG

(\*) Verificable en: <https://sede.pontevedra.gal>

**Pontevedra, na data da sinatura electrónica**

**O concelleiro delegado da Área de Planificación do Territorio**

